

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 6 de marzo de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DONA ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 6 de marzo de 2019 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 6 de febreiro de 2019, que se aprobou por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTES SOLICITUDES:

Propuestas

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Pasquale Imparato en representación de PADE NOROESTE SL, para licenza de primeira ocupación da vivenda sita na Rúa Santa Lucía nº 4 Bx. (Ref. Cat. 9564002NH1196S0001RO e 9564039NH1196N0001EO), de conformidade co certificado final de obra visado coa data de 19/02/2019. (Expte. 754/16)

Informar favorablemente a solicitude presentada por INVERSIONES VIDAL PEREZ SL, para licenza de primeira ocupación do edificio de uso industrial sito na Rúa Perrón – Rubiáns, de conformidade co certificado final de obra visado coa data 03/04/2018.

Consta no expediente escritura de segregación e cesión gratuita de data 17/11/2017. (Expte. 857/16)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por Dna. Alicia Rodríguez García para ampliación e acondicionamento de galpóns na Rúa Dona nº 4 – Bamio, de conformidade co informe técnico emitido ao respecto, no que se dí que ao haber un aumento de volumen edificatorio, deberá ser tramitado por licenza.. (Expte. 648/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Alicia Rodríguez García para acondicionamento de cerres existentes na Rúa Dona nº 4 – Bamio (Ref. Cat. 0508101NH2200N0001FE), debendo axustarse ás seguintes consideracións:

- O basamento cego do muro de nova execución (acotado como VARIABLE), non poderá superar a altura de 0,90m. podendo chegar a 1,30m. no caso máis desfavorable (desniveis na rasante), realizando os escalonamentos necesarios para non superar esta altura máxima
- Os peches frontais non afectados pola aliñación, cumprirán as mesmas condicións no caso que se modifiquen, ou só se admitirán obras de conservación e mantemento, no caso que se manteñan, non podendo ser ampliados en altura.
- O peche lateral entre colindantes pode chegar a unha altura máxima cega de 2,00m.
- Respectaranse as servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 649/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María Teresa Granja Briones e outros para reposición de cerre na finca sita na Rúa San Andrés nº 15 – Carril (Ref. Cat. 8781003NH1188S0001HQ), respectando ás servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 847/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Lourdes Ruzza Arismendi en representación de CECIAMB SL, para reforma interior de local para gabinete audioprotésico na Pza. Independencia nº 19 bx. (Ref. Cat. 9461002NH1196S0001BJ).

unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 848/18)

Informar favorablemente a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por Dna. Rosa María Serantes Somoza acondicionamento de local para clube deportivo privado na Avda. Rosalía de Castro nº 119 (Ref. Cat. 9077201NH1197N0042VO), de conformidade co informe técnico emitido ao respecto, no que se dí que deberá ser tramitado por licenza, xa que dito local nunca tivo uso. (Expte. 16/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Sara Seijo Novoa, para obras varias en piso sito na Rúa Duque de Rivas nº 1 -1 ° Esda. (Ref. Cat. 9461307NH1196S0003PL).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 36/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Agepri Asesores en representación de D. Manuel Rodríguez Rivas, para a instalación dun portal no local sito na Rúa Alvaro Cunqueiro nº 5-2º (Ref. Cat. 8852103NH1185S0002TB).

Informar favorablemente, así mesmo, a concesión de licenza de obra menor para rampa de acceso ao devandito local, baixo as seguintes condicións:

- Deberá manter na beirarrúa unha banda peonil libre mínima de 90 cm. A cal discurrirá pola liña da fachada do edificio.
- A pendente transversal da beirarrúa non superará o 2%.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 68/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Portas Diz, para construción de muro entre colindantes en finca rústica na Rúa Nova s/n, Pol. 45 parcela 101 (Ref. Cat. 36060ª045001010000GW), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O peche deberá iniciarse, dende o vial de acceso, a 4m. do eixo do mesmo.
- O material utilizado (bloque de formigón) deberá ser revestido e/ou pintado para adaptarse ás condicións tipolóxicas que indica a LSG.

Respectaranse as servidumes que existan.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 111/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Fernández Castro, para cambio de escaparate e local comercial sito na Rúa San Roque nº 5 bx. esda. (Ref. Cat. 9560810NH119S0002HK).

- A nova instalación deberá cumprir coas condicións de evacuación e de accesibilidade para o local, indicadas nos documentos básicos do CTE: DB-SI e DB-SUA.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 112/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D.

Pablo Loureiro Costa para cambio de portal seccional en local comercial sito na rúa San Roque nº 22 Bx. (Ref. Cat. 9760006NH1196S0001RJ).

- A nova instalación deberá cumprir coas condicións de evacuación e de accesibilidade para o local, indicadas nos documentos básicos do CTE: DB-SI e DB-SUA.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 113/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Antonio Escobar Patiño, para arranxo de fachada na Rúa Miramar nº 12 – Vilaxoán (Ref. Cat. 7756010NH1175N0001TU).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Exp. 115/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Nogueira Raparíz-Vázquez, para reforma de baño e cociña na vivenda sita na Rúa Arapiles nº 4-2º A (Ref. Cat. 9462024NH1196S0008GQ).

Respectaranse os elementos comúns do inmoble segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 116/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Maria Isabel Rey Novas en representación de COM. PROP. EDIFICIO TELLEIRA , para limpeza e mantemento de canos no edificio sito na Rúa do Carrizo nº 3 (Ref. Cat. 0061923NH2106S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano (Expte. 131/19)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Rosa Mª Quintans Suárez en representación de INMOBILIARIA LAS MALVEIRAS SA, para reparación aplacado de fachada en local sito na Rúa Alejandro Cerecedo nº 6 Bx. Dta. (Ref. Cat. 9258301NH1195N0001HG)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 138/19)

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por AEPO POIO SL en representación de D. Adolfo Palacios Magariños, para colocación canaletas e catador hidrocarburos na Avda. Rubiáns nº 26 Bx. (Ref. Cat. 1444910NH2114S0001AO), en base ó seguinte:

- Non consta uso similar no local anteriormente, polo que se realiza un cambio de uso, que deberá tramitarse por licenza. Deberá presentar nova carpetiña regulamentaria cuberta cos datos necesarios, xunto con proxecto de acondicionamento de local para o uso que se pretende, asinado por técnico competente, así como coa xustificación de toda a normativa de aplicación. (Exp. 723/18)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Alberto Paulos Barros para acometida ás redes de auga e saneamento no Almacén sito en Camño. Real de Badiña nº 43, baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para lectura e comprobación do servizo.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de □ 160 mm.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. 6/19)

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Antonio Alcalde Romero, para acometida á rede municipal de auga para usos agrarios na Rúa da Fonte de Faxilde – Sobrán (Ref. Cat. 7646327NH1174N0001QD), xa que a parcela non dispoñe de acceso directo á vía pública , e tampouco podería autorizarse o uso da auga solicitado (rego de fincas e cultivos) (Expte. 93/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana García Rivas, para acometida á rede municipal de auga para o servizo de obra na Rúa Fontecarmoa nº 68 (Ref. Cat. 8748917NH1184N0001MJ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 94/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María José Rey Araújo, para acometida á rede de auga para almacén sito na Trav. Loureiro nº 14 – Trabanca Sardiñeira (Ref. Cat. 9682212NH1198S0001ST), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 95/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Purificación Carracedo López, para legalización do rótulo instalado no local sito na Rúa Méndez Núñez nº 14 bx. (Ref. Cat. 9363616NH1196S0002QK).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Raquel Vallejo Labrador en representación de NEDGIA GALICIA SDG, SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. Nosa Sra, dos Anxos nº 55, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Reposicións

GABIA TRANSVERSAL

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

7. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 103/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Celestina López Morte en representación de NEDGIA GALICIA SDG SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na Avda. A Mariña 104, por Pza. da Constitución, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).

2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

4. Reposicións

Beirarrúa

O titular deberá repoñer ao seu cargo os elementos afectados pola obra, restituíndo os mesmos as condicións anteriores de seguridade, funcionalidade e estética.

Para a reposición do vial estarase o disposto na **ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa**, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.

AUTORIZACION SECTORIAIS

5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

7. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 106/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Luis Meis Chaves, para legalización de obras consistentes en pintado de fachadas, adecentamento fachada principal, obras en interior de vivenda ampliación de beirarrúa existente na Avda. de Cambados nº 156 (Ref. Cat. 7953006NH1175S0001GG).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística ós efectos oportunos en relación expte. D-06/18 de Reposición da Legalidade Urbanística.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 15/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Eva Serán Charlin en representación de SEREN SCHOOL CB, para legalización do rótulo instalado no local sito na Avda. Agustín Romero nº 18 Bx. (Ref. Cat. 9455009NH1195N0001XG). (Expte. 120/19)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. F. Javier Cimorra Blanco en representación de SARAS ENERGÍA SA., para conexión de vertidos da estación de Servicio sita na Avda. Pontevedra 69 á rede de saneamento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O caudal máximo permitido será de 4,29 m³/h durante un tempo máximo de 1 hora/día.
- O Caudal medio permitido será de 14,99 m³/día.
- Esta prohibido a vertedura ao sistema de saneamento e depuración das sustancias relacionadas no anexo I, así como as que superen as limitacións establecidas no anexo II do Decreto 141/2012.
- Esta prohibido a dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente.
- Semestralmente, presentará no concello copia dos Albaráns de entrega de lodos e demais sustancias que requiran un tratamento separado ós xestores autorizados. Cando non se xeneren residuos e/o lodos, informarase igualmente, indicando que a cantidade entregada foi cero.
- A empresa deberá aportar con unha periodicidade anual análise dos vertidos para a revisión polo concello, con cargo ó responsable do vertido.

O análise do vertido realizarase como mínimo dos seguintes parámetros:

Parámetro	Valor límite	Unidades
pH	5,5-9	mg/l
Aceites e graxas	100,00	mg/l
Hidrocarburos	15,00	mg/l
Sólidos en suspensión	500,00	mg/l
DBO ₅	500,00	mg/l
DQO	1.000,00	mg/l

Dése conta a Augas de Galicia, ós efectos oportunos. (Exp. 276/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Teresa Granja Briones, para ampliación e reforma de alpendre existente na Rúa do Pumariño nº 18 – Cornazo (Ref. Cat. 9346405NH1194N0001EZ)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprarán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 528/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Dailos Lobato Ventoso, para acometida á rede de saneamento da vivenda sita na Rúa Casusa nº 15 – Bamio, (Ref. Cat. 0802101NH2200S000TP), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.

- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de □ 160 mm como mínimo.

- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.

- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 149/19)

Informar favorablemente o arquivo do expediente de solicitude de licenza de obras solicitado por D. César Miguéns César, para construción de alpendre para aperos de labranza e garaxe na Rúa da Parroquia nº 5 – O Vento – Cea, de conformidade co informe técnico e xurídico emitido ao respecto. (Expte. 610/014)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude realizada por D. Miguel Fragua Rey de desistimento á licenza de obra para construción de piscina na Rúa Outeiro – Guillan, de conformidade co informe técnico emitido ao respecto no que se fai constar “... Compróbase que non se teñen realizado as obras de construción de piscina, polo que é admisible a renuncia do expediente”, procedendo así mesmo o arquivo do mesmo. (Expte. 280/18)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por D. Raimundo Ferreiros Ferro en representación de Dña. Luz María López Buceta, para rehabilitación de vivenda unifamiliar na Rúa Nova nº 25 - Vilaxoán (Ref, Cat, 7553217NH1175S0001IG), redactado POLO Arquitecto D. Raimundo Ferreiros Ferro, visado coa data 05/02/2019, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por resolución de Alcaldía de data 15/10/2018. O Consello da Xerencia da a súa conformidade ao devandito proxecto de execución. (Expte. 304/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por AEPO POIO SL, en representación de D. Adolfo Palacios Magariños, para obras de acondicionamento de local comercial para centro de lavado e limpeza interior de automóbiles na Avda. de Rubiáns nº 26 Bx., de conformidade coa documentación técnica achegada redactada polo Enxeñeiro Industrial D. José Rodríguez Darroza.

Con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentar Ficha de Estatística da Edificación e da Vivenda debidamente asinada e visada.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. 838/18)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por Dña. Mª Purificación De La Torre Abalo, para construción de vivenda unifamiliar na Rúa do Pazo nº 27 - Rubiáns (Ref, Cat, 2441101NH2124S0001GD), redactado polo Arquitecto D. Carlos Berride Abalo, visado coa data 12/02/2019, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por resolución de Alcaldía de data 14 de xaneiro de 2019

O Consello da Xerencia da a súa conformidade ao devandito proxecto de execución. (Expte. 564/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Luis Portas Garcia para legalización de vivenda unifamiliar na Trav. García Hermo nº 8 – Guillán (Ref. Cat. 9876522NH1197N0001DE), de conformidade co proxecto do Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias, visado coa data 01/07/2015, e documentación complementaria. Prazo para o inicio e terminación das obras: As

obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. 71/17)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente o desestimento e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por Dna. Fátima Franco Graña, para tenda de roupa, comercio miúdo calzado e complementos de pel e comercio miúdo art. Xoiería, relojería bisutería na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 22 bx, local 3, de conformidade co informe da Policía Local que dí “...*procede á comprobación da situación actual da actividade do establecemento denominado “OH MY CLUTCH”, sito na Rúa Alcalde Rey Daviña, 22-baixo local 3, o cal se atopa **PECHADO E SEN ACTIVIDADE** dende hai tempo*”. (Exp. ACTINOC/2018/000046)

Informar favorablemente o desestimento e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por D. Manuel Fandiño Vila, para comercio miúdo accesorios e recambios de vehículos na Rúa Concha nº 2 Bx., de conformidade co informe da Policía Local que dí “... *compróbase que o local denominado ECOCARAUTO, sito na RUA CONCHA Nº 2, para o exercicio de comercio miúdo de accesorios e recambios presentado no seu día por D. MANUEL FANDIÑO VILA, **atópase pechado e non presenta actividade ...***”. (Exp. ACTINOC/2018/000073)

Informar favorablemente o desestimento e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por D. Carlos Rubio Presas en representación de ICA 2014 SL, para venda de mobles na Avda. Hospital do Salnés porta 8C, de conformidade co informe da Policía Local que dí “... *compróbase que actualmente o local **atópase pechado e con cartelería de aluguer. No seu interior non hai nada de actividade e atópase baleiro de material ...***.. (Exp. ACTINOC/2018/000079)

Informar favorablemente o desestimento e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por Dna. Silvia Menéndez Castro, para salóns e instituto de beleza na Avda. Xoan Carlos I nº 11 Bx., de conformidade co informe da Policía Local que dí “... *faise comprobación da situación actual da actividade do establecemento BELLEZA & BIENESTAR, sito na Avda. Xoán Carlos I, 11-baixo, o cal se **atopa PECHADO E SEN ACTIVIDADE** no seu interior*”. (Exp. ACTINOC/2018/000087)

Informar favorablemente o desestimento e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por D. José Pereira Márquez en representación de ATENEA SC, para comercio miúdo de mobles na Rúa Bosque Desamparados nº 1 Bx., de conformidade co informe da Policía Local que dí “... *púidose comprobar que o establecemento denominado “QKA MOBLES” destinado á actividade de MUEBLES E DECORACION, sito na RUA BOSQUE DESAMPARADOS, 1-BAIXO, **atópase ABERTO e CON ATENCION AO PÚBLICO ...***”. (Exp. ACTINOC/2018/000086)

Informar favorablemente o desestímulo e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por Dña. Isabel M^a Conde Carou, para café-bar na Rúa Arzobispo Gelmirez nº 9 Bx., de conformidade co informe da Policía Local que di “... *púidose comprobar que o establecemento denominado “VENECIA – CAFÉ BAR”, destinado a CAFÉ-BAR, sito na RUA ARZOBISPO GELMIREZ, 9-BAIXO, atópase pechado ao público e sen actividade ...*”. (Exp. ACTCLA/2018/000045 CT)

Informar favorablemente o desestímulo e arquivo do expediente de comunicación de apertura solicitado por Dña. Ana Irma Velasco de Erkelens, para café-bar na Avda. Dr. Moreira Casal, de conformidade co informe da Policía Local que di “... *faise comprobación da situación actual da actividade do establecemento WAKE UP, sito na Avda. Dr. Moreira Casal, o cal se atopa PECHADO e sen ACTIVIDADE*”. (Exp. ACTCLA/2018/000063)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. M^o José Paulos Barcala para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de 2.7.2. CAFÉ-BAR, na Rúa A Baldosa nº 18 Bx., debendo axustarse ás seguintes condicións:

- 1) Aforo do local: 45 persoas, segundo a certificación técnica emitida con data 06/09/2018..
- 2) DARA CUMPRIMENTO AO DISPOSTO NO DECRETO 106/2015, DE 9 DE XULLO, SOBRE CONTAMINACION ACUSTICA DE GALICIA , publicado no Diario Oficial de Galicia de data 03/08/2015
- 3) NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007, de conformidade co informe emitido/asinado con data 22/02/2019 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.
- 4) Non se sobrepasarán os 80 dB(A) no interior do local.
- 5) TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.
- 6) CONTARÁ COAS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E REXISTROS PERTINENTES.
- 7) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
- 8) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados
- 9) Os aparatos de son actualmente existentes (DUAS TELEVISIONS) modelos e marcas LG 429T353 e PANASONIC TX65EX613E, con números de series: NON SE VE e NR8230032, foron precintadas pola Policía Local con data 11/12/2018 a 61.0 dB(A) e 63.7 dB(A), respectivamente, para un máximo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro dos citados aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que pudiera producirse.
- 10) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente aos actuais, é dicir, ás TELEVISIONS (LG e PANASONIC) E LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado 9) anterior, sen previa autorización do Concello.
- 11) NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.
- 12) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- 13) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- 14) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

15) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regulamenta a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

16) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).

17) Dará cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 02/01/2018). (Exp. ACTCLA/2019/000065 CT)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.